



AOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

A Coruña, 19 de maio de 2020

A Confederación Galega de Asociacións Veciñais "Rosalía de Castro" (CoGaVe) fai un chamamento á responsabilidade, tanto por parte da cidadanía xeral, coma das persoas encargadas do funcionamento daqueles establecementos empresariais que vaian tendo permitida a súa apertura segundo vaíamos avanzando na denominada "desescalada", coa fin de que entre todos loitemos efectivamente contra a pandemia do Covid-19, adoptando as medidas precisas para evitar o contaxio.

Malia que a meirande parte da poboación e dos establecementos cumpre rigorosamente coas medidas hixiénico-sanitarias decretadas polas autoridades sanitarias para loitar contra os contaxios do Covid-19, tamén é certo que están a observarse condutas irresponsables que poderían obrigarnos a toda a cidadanía, tanto ás persoas que cumpren coas normas establecidas como a aquelas que non o fan, a volver a adoptar medidas de confinamento para evitar un rebrote e expansión desta pandemia.

Asemade, na CoGaVe entendemos que para que a poboación poida cumprir coas normas e protocolos de seguridade na loita contra a pandemia do Covid-19, é preciso que se realicen máis campañas informativas, cunha información clara, veraz, contrastada e facilmente entendible para os sectores sociais ós que están destinadas as devanditas campañas.

Por outro lado, as Federacións que conforman a CoGaVe constatan a escasa comunicación das autoridades locais e autonómicas e estatais na Comunidade co movemento veciñal no que se refire ás medidas e protocolos que se foron adoptando en cada momento. Consideramos de vital importancia o traballo do movemento asociativo na loita contra esta pandemia, pois as Asociacións Veciñais son as que mellor coñecen as necesidades das persoas que viven no seu eido de actuación e son as que mellor poden transmitirle estas necesidades ás autoridades encargadas de solucionarlas.

Ademais, a CoGaVe considera imprescindible na loita contra a pandemia do Covid-19 que os Centros de Atención Primaria teñan as garantías absolutas de reforzo de persoal sanitario e dotación de equipos de protección para todo este persoal, para poder atender con seguridade á cidadanía.

Para finalizar, dende a Confederación Galega de Asociacións Veciñais "Rosalía de Castro" (CoGaVe) lembrámoslle a toda a cidadanía a importancia de non baixar a garda e a seguir cumprindo coas medidas que se vaian ditando. A loita contra a pandemia do Covid-19 temos que afrontala todos xuntos, e non podemos permitir que a irresponsabilidade dunha minoría poida poñer en perigo a saúde de toda a poboación.

